

ANEXO I: PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

NUMERO EXPEDIENTE	2024050712
ASUNTO	SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS AUXILIARES E DE ACONDICIONAMENTO DOS CENTROS DE PROCESO DE DATOS (CPDP e CPDR) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
TRÁMITE	Incoación do expediente

A Deputada Delegada en materia de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital, en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de contratación, dita a seguinte PROVIDENCIA

O art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP

1. NECESIDADE E IDONEIDADE*

Actualmente la Deputación de Pontevedra, para poder exercer as súas competencias segundo o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón de dous centros de proceso de datos, o Centro de Proceso de Datos Principal, en adiante CPDP, e o Centro de Proceso de Datos de Respaldo, en adiante CPDR.

Tanto o CPDP coma o CPDR se atopan actualmente xestionados polo servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra estando baixo a súa responsabilidade o soporte dos mesmos, así como a supervisión, detección e diagnose de calquera problema de hardware ou software que poida producirse nestes.

Para garantir o cumprimento deste compromiso de servizo, faise necesario a contratación do mantemento para todo o equipamento auxiliar e de acondicionamento correspondente a ambos CPD. Este servizo resulta imprescindible para que estes CPD da Deputación se atopen constantemente respaldados e monitorizados, de modo que se garanta o seu funcionamento ante posibles eventualidades ou riscos que poidan poñer en perigo a continuidade dos servizos TIC provistos desde eles, como poden ser incendios, inundacións, cortes de subministro eléctrico, subidas e baixadas de tensión, accesos non autorizados, fallos nos equipos de refrixeración entre outros. A prestación dos servizos de soporte técnico e mantemento será sobre o equipamento detallado no apartado 7 "ANEXO I. INFRAESTRUTURA AUXILIAR E DE ACONDICIONAMENTO" do Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

INSUFICIENCIA DE MEDIOS

A Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente este servizo xa que non conta con persoal especializado nesa materia, ademais de non poder contar ca opción de reparación ou substitución de pezas. En canto a opción de non ampliar o equipo do servizo para tal fin hai que considerar que si se externaliza conseguiríase un servizo de soporte técnico



24x7x365 (calquera hora do día, durante os 365 días do ano), algo que de realizarse con medios propios sería moito máis custoso.

2. SERVIZO SOLICITANTE*:

Novas Tecnoloxías	
Responsable do contrato:	Xefatura do servizo de Novas Tecnoloxías.
Responsable da Administración:	Xefatura do servizo de Novas Tecnoloxías.

3. OBXECTO DE CONTRATACIÓN E DIVISIÓN EN LOTES*:

Denominación do contrato:	Servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento dos centros de proceso de datos (CPDP e CPDR) da Deputación de Pontevedra.
Obxecto e contido:	<p>O obxecto do procedemento é o de levar a cabo a contratación dun servizo de soporte e mantemento para as infraestruturas auxiliares e de acondicionamento dos CPDP e CPDR da Deputación de Pontevedra. A plataforma a manter polo adxudicatario estará formada polo equipamento detallado no apartado "7 ANEXO I. INFRAESTRUTURA AUXILIAR E DE ACONDICIONAMENTO" do PPT, onde se indica o equipamento que é obxecto do servizo de soporte e mantemento a contratar, que a modo de resume estaría composto por:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Sistema de ventilación e climatización. • Sistema de detección e extinción de incendios. • Sistema de control de alimentación en armario mediante PDU. • Cableado estruturado. • Chan técnico. • Cadro de mandos eléctrico. • Equipos SAI. <p>Dentro do alcance do contrato contémpanse as seguintes actuacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A prestación dos servizos de soporte e asistencia técnica, mantemento, xestión de incidencias, resolución de avarías, reparación e substitución do equipamento, en caso de ser necesario, dos elementos que forman parte



	<p>das infraestruturas auxiliar e de acondicionamento dos CPDs da Deputación de Pontevedra.</p> <ul style="list-style-type: none"> O cumprimento dos Acordos de Nivel de Servizo, en diante ANS, definidos no apartado "5 ACORDOS DE NIVEL DE SERVIZO" do PPT. 	
CPV:	<p>50000000 - Servicios de reparación e mantemento 50532000-3-Servizos de reparación e mantemento de maquinaria eléctrica, aparatos e equipo asociado. 50413200-5 -Servizos de reparación e mantemento de instalacións contra incendios</p>	
Lotes	<input type="checkbox"/> SI	Son os seguintes:
	<input checked="" type="checkbox"/> NON:	A motivación da non división en lotes é que a realización independente das diversas actividades comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico dada a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

4. TRAMITACIÓN PROPOSTA*:

Tramitación proposta:	<input checked="" type="checkbox"/> ORDINARIA <input type="checkbox"/> URXENTE No caso de tramitación urxente, motivación: <div style="border: 1px solid black; height: 40px; width: 100%;"></div>	
Tramitación anticipada:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON	
Incluído no plan anual de contratación:	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	

5. FINANCIACIÓN*:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024 (3 meses)	24/926.9260.227.23	21.175,00 €



2025 (9 meses)	25/926.9260. 227.23	63.525,00 €
TOTAL		84.700,00 €

As obrigas do exercicio 2025 quedarán condicionadas á aprobación dos orzamentos provinciais e á existencia de crédito adecuado e suficiente.

6. PRAZO DE EXECUCIÓN/DURACIÓN*:

Prazo de execución/duración do contrato:	Un ano, cunha posibilidade de prórroga dun ano.
Posibles prórrogas nos contratos de duración:	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON Número de prórrogas:1 Duración de cada prórroga: 1 ano

XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS*

7. RÉXIMEN DE PAGOS*:

- O orzamento máximo de licitación axustase ao prezo xeral de mercado.
- Prezos aplicables a tanto alzado á totalidade.
- A forma de pago efectuarase por semestre vencido, unha vez realizada a revisión semestral correspondente).



8. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN*:

Custes directos	
Salarios e seguridade social de dous técnicos: un C nivel I, Area 2 (18.146,69€/ano) e o outro C nivel I, Area 3 (30.232,60€/ano)	62.893,08€
Custes indirectos	
5% sobre custes directos	3.144,65 €
Total (custes directos + custes indirectos)	66.037,73 €
Beneficio empresarial (6%)	3.962,26 €
Total	70.000,00 €
IVE	14.700,00 €
TOTAL	84.700,00 €

O orzamento base de licitación estimouse en función dos prezos de mercado e en base ao XVIII convenio colectivo estatal de empresas de consultaría, tecnoloxías da información e estudos de mercado e da opinión pública (BOE nº 177 de 26 de xullo de 2023)

9. CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTAS*:

<input type="checkbox"/> Obras (arts. 25 e 26 RD 1098/2001)	Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____
<input checked="" type="checkbox"/> Servizos (arts. 37 e 38 RD 1098/2001)	<input checked="" type="checkbox"/> SI: Grupo P Subgrupo 1 Categoría 1 Grupo P Subgrupo 5 Categoría 1 <input type="checkbox"/> NON: O código CPV propio do obxecto do contrato non ten correspondencia con ningún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, segundo o Anexo II do RD 1098/2001.
<input type="checkbox"/> Non procede	



10. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE , SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA*:

Habilitación empresarial ou profesional específica	<input type="checkbox"/> SI : Especificación e explicación:
	<input checked="" type="checkbox"/> NON
SOLVENCIA ECONÓMICO-FINANCIERA	
<input checked="" type="checkbox"/> O aplicable en defecto de previsión	
<input type="checkbox"/> Outros	Determinación:
	Xustificación:
<input type="checkbox"/> Non procede	(Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado)
SOLVENCIA TÉCNICA	
<input checked="" type="checkbox"/> O aplicable en defecto de previsión	
<input type="checkbox"/> Outros	Determinación:
	Xustificación:
<input type="checkbox"/> Non procede	(Tramitación por procedemento aberto simplificado abreviado)
COMPROMISO DE MEDIOS	



11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

Criterios avaliados mediante un xuízo de valor: Os criterios avaliados mediante xuízos de valor valorarase cun máximo de 25 puntos, de conformidade cos seguintes criterios:

Valoración dos apartados da oferta técnica (ata 25 puntos):

Valorarase baixo este apartado os seguintes aspectos da oferta:

1. **Xestión de incidencias (máximo 9 puntos):**

Valorarase baixo este punto o apartado "3.1 Xestión de incidencias" da oferta presentada polo licitador, onde se avaliarán o modelo e os protocolos de xestión de incidencias que utilizará o licitador para o soporte do equipamento incluído no alcance do PPT durante a execución do contrato.

En concreto valorarase todos os aspectos que teñen unha relación directa cos elementos que interveñen na xestión de incidencias, tales como son:

- A idoneidade dos procedementos concretos propostos para a xestión das incidencias contempladas no servizo, a xestión do ciclo da vida desde a comunicación, rexistro, notificación e seguimento das incidencias derivadas do servizo ata o seu peche definitivo e aceptación por parte do usuario final.
- Os procedementos propostos para o correcto escalado das incidencias derivadas do servizo.

2. **Plan de traballo (máximo 6 puntos):**

Valorarase baixo este punto a idoneidade do plan de traballo proposto no apartado "3.2 Plan de traballo" da oferta presentada polo licitador atendendo ao cronograma de actividades proposto e á relación de actividades, tarefas, tempos estimados e perfís asociados para levar a cabo os distintos traballos.

3. **Plan de calidade (máximo 5 puntos):**

Valorarase baixo este punto o apartado "3.3 Plan de calidade" da oferta presentada polo licitador. En concreto, valorarase neste apartado o procedemento proposto polo licitador para o aseguramento da calidade do servizo atendendo ás accións concretas derivadas do mesmo co obxectivo de determinar a súa idoneidade. Incidirase nos apartados que teñen que ver con:

- Procesos de auditoría de servizo propostos.
- Xestión das non conformidades.
- Procedemento de mellora continua proposto

4. **Seguimento e informes (máximo 5 puntos):**

Valorarase baixo este punto o apartado "3.4 Seguimento e informes" da oferta presentada polo licitador, onde se valorarán os contidos, os distintos tipos de informes ofertados e os procedementos propostos para levar a cabo o seguimento do servizo de mantemento.

Xustificación dos
criterios

A adxudicación dos contratos do sector público realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación



	<p>calidade-prezo (131.2 LCSP). A mellor relación calidade-prezo avaliarase en relación a criterios económicos e cualitativos (145.2 LCSP).</p> <p>Por elo, a introdución de xuízos de valor teñen como obxectivo a prestación de servizos de gran calidade que respondan o mellor posible ás necesidades previstas no Prego de Prescricións Técnicas. Así, nos pregos introducíronse criterios cualitativos que valoran a xestión de incidencias, o plan de traballo, o plan de calidade e o seguimento e informes.</p> <p>Nesta liña, a Resolución 189/2012 do Tribunal Central de Recursos Contractuais sinala que a valoración das ofertas dos licitadores en aqueles aspectos dependentes de xuízos de valor por parte da Mesa de contratación, constitúe unha manifestación particular da denominada "discrecionalidade técnica" da Administración, necesaria para obter unha mellor relación calidade-prezo.</p>																																																																						
<p>Enumeración dos criterios avaliados mediante fórmulas: As propostas presentadas puntuaranse cun máximo de 75 puntos, de conformidade cos seguintes criterios avaliados mediante fórmulas:</p>																																																																							
Criterio:	Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 65 puntos																																																																						
Criterio:	<p>Ampliación de acordos de nivel de servizo, ata un máximo 10 puntos: Neste punto valorarase a redución dos tempos de resolución de incidencias e tempos de resposta presencial para incidencias críticas propostos polo licitador para dar resposta aos requisitos detallados no prego de prescricións técnicas:</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th colspan="7">TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDAD DA INCIDENCIA</th> </tr> <tr> <th>CRITICIDAD</th> <th>TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO</th> <th>2 Horas</th> <th>4 Horas</th> <th>8 Horas</th> <th>12 Horas</th> <th>24 Horas</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>CRÍTICA</td> <td>4 HORAS</td> <td>4 Ptos</td> <td>0 Ptos</td> <td>-</td> <td>-</td> <td>-</td> </tr> <tr> <td>ALTA</td> <td>8 HORAS</td> <td>2 Ptos</td> <td>1 Pto</td> <td>0 Ptos</td> <td>-</td> <td>-</td> </tr> <tr> <td>MEDIA</td> <td>24 HORAS</td> <td>1 Pto</td> <td>0,75 Ptos</td> <td>0,50 Ptos</td> <td>0,25 Ptos</td> <td>0 Ptos</td> </tr> </tbody> </table> <table border="1"> <thead> <tr> <th colspan="7">TEMPOS DE RESPUESTA PRESENCIAL PARA INCIDENCIAS</th> </tr> <tr> <th>CRITICIDAD</th> <th>TEMPO MÁXIMO DE CHEGADA DESDE A NOTIFICACIÓN DA INCIDENCIA</th> <th>1 Horas</th> <th>2 Horas</th> <th>4 Horas</th> <th>6 Horas</th> <th>8 Horas</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>CRÍTICA</td> <td>2 HORAS</td> <td>1 Ptos</td> <td>0 Ptos</td> <td>-</td> <td>-</td> <td>-</td> </tr> <tr> <td>ALTA</td> <td>6 HORAS</td> <td>1 Ptos</td> <td>0,75 Pto</td> <td>0,50 Ptos</td> <td>0 Ptos</td> <td>-</td> </tr> <tr> <td>MEDIA</td> <td>8 HORAS</td> <td>1 Pto</td> <td>0,75 Ptos</td> <td>0,50 Ptos</td> <td>0,25 Ptos</td> <td>0 Ptos</td> </tr> </tbody> </table>	TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDAD DA INCIDENCIA							CRITICIDAD	TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	2 Horas	4 Horas	8 Horas	12 Horas	24 Horas	CRÍTICA	4 HORAS	4 Ptos	0 Ptos	-	-	-	ALTA	8 HORAS	2 Ptos	1 Pto	0 Ptos	-	-	MEDIA	24 HORAS	1 Pto	0,75 Ptos	0,50 Ptos	0,25 Ptos	0 Ptos	TEMPOS DE RESPUESTA PRESENCIAL PARA INCIDENCIAS							CRITICIDAD	TEMPO MÁXIMO DE CHEGADA DESDE A NOTIFICACIÓN DA INCIDENCIA	1 Horas	2 Horas	4 Horas	6 Horas	8 Horas	CRÍTICA	2 HORAS	1 Ptos	0 Ptos	-	-	-	ALTA	6 HORAS	1 Ptos	0,75 Pto	0,50 Ptos	0 Ptos	-	MEDIA	8 HORAS	1 Pto	0,75 Ptos	0,50 Ptos	0,25 Ptos	0 Ptos
TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDAD DA INCIDENCIA																																																																							
CRITICIDAD	TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	2 Horas	4 Horas	8 Horas	12 Horas	24 Horas																																																																	
CRÍTICA	4 HORAS	4 Ptos	0 Ptos	-	-	-																																																																	
ALTA	8 HORAS	2 Ptos	1 Pto	0 Ptos	-	-																																																																	
MEDIA	24 HORAS	1 Pto	0,75 Ptos	0,50 Ptos	0,25 Ptos	0 Ptos																																																																	
TEMPOS DE RESPUESTA PRESENCIAL PARA INCIDENCIAS																																																																							
CRITICIDAD	TEMPO MÁXIMO DE CHEGADA DESDE A NOTIFICACIÓN DA INCIDENCIA	1 Horas	2 Horas	4 Horas	6 Horas	8 Horas																																																																	
CRÍTICA	2 HORAS	1 Ptos	0 Ptos	-	-	-																																																																	
ALTA	6 HORAS	1 Ptos	0,75 Pto	0,50 Ptos	0 Ptos	-																																																																	
MEDIA	8 HORAS	1 Pto	0,75 Ptos	0,50 Ptos	0,25 Ptos	0 Ptos																																																																	



Nota importante: Soamente se procederá á apertura e valoración das propostas do sobre C de aquelas empresas que haxan obtido un mínimo do 50% da puntuación máxima dedicada aos criterios avaliábles mediante xuízos de valor (sobre B).

12. PENALIZACIÓNS:

Co obxectivo de garantir o cumprimento dos acordos de nivel de servizo detallados no prego de prescricións técnicas onde se establecen unha serie de penalizacións asociadas ao cumprimento dos mesmos. Ditas penalizacións serán de tipo económico e poderán ser aplicadas sobre a garantía depositada polo adxudicatario durante a duración do contrato ou sobre o importe das facturas que se emitan durante o servizo.

No caso de existir mais dunha factura para o servizo (pagos mensuais, semestrais o anuais), a aplicación de penalidades será acumulativa e de carácter cíclico, excepto no casos nos que se indique o contrario. Polo tanto, unha vez superada a condición máxima de penalización, poñerase a cero o contador do indicador e sumarase a penalización correspondente ao período.

- Penalización por incumprimento dos tempos de resolución de incidencias de prioridade crítica:
A penalización por sobrepasar o tempo de resolución dunha incidencia de prioridade crítica será de **200,00 € por hora de retraso**.
A penalización por sobrepasar o tempo de chegada dun técnico certificado e/ou acreditado será de **100,00 € por hora de retraso**.
- Penalización por incumprimento dos tempos de resolución de incidencias de prioridade alta:
A penalización por sobrepasar o tempo de resolución dunha incidencia de prioridade alta será de **100,00 € por hora de retraso**.
A penalización por sobrepasar o tempo de chegada dun técnico certificado e/ou acreditado será de **50,00 € por hora de retraso**.
- Penalización por incumprimento dos tempos de resolución de incidencias de prioridade media:
A penalización por sobrepasar o tempo de resolución dunha incidencia de prioridade media será de **100,00 € día de retraso**.
- Penalización por incumprimento dos tempos de resolución de incidencias de prioridade baixa:
A penalización por sobrepasar o tempo de resolución dunha incidencia de prioridade baixa será de **50,00 € por día de retraso**.



13. ESTRUCTURA E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA OFERTA:

As ofertas deberán presentarse en formato dixital co seguinte nome de ficheiro "Oferta_Tecnica.pdf".

O ficheiro co formato PDF deberá permitir a selección do texto (copiar/pegar) e deberá estar asinada dixitalmente polo representante legal da empresa licitadora.

O tipo de letra utilizado será Arial tamaño 10, excepto para os títulos que será 14. Utilizarase interlineado a 1,15 e o espazo entre párrafos será de 0 puntos anterior e de 6 puntos posterior. A extensión máxima da proposta técnica **non poderá exceder das 25 páxinas** en formato vertical, excluídos os anexos e o apartado de información adicional.

Durante o proceso de valoración das ofertas non se terán en conta aquelas que non presenten toda a documentación no formato dixital indicado anteriormente. Así mesmo, tampouco se terán en conta aquelas ofertas que non se axusten de maneira fiel aos puntos especificados a continuación en canto a orde e contidos indicados.

1. Índice de contidos:

Incluír un índice que enumere os contidos da proposta técnica.

2. Resumén executivo da oferta:

Neste apartado o licitador deberá indicar unha breve descrición xeral da oferta presentada e unha enumeración dos aspectos e características máis relevantes ofertados na mesma. Este apartado deberá presentar ao lector unha síntese de contidos mediante a cal se obteña unha idea xeral e clara do ofertado, valorarase a claridade e a orde do exposto.

3. Descrición detallada do servizo:

Baixo este punto o licitador deberá describir os seguintes aspectos:

3.1 Xestión de incidencias

Descríbese baixo este apartado os procedementos concretos e o modelo de xestión de incidencias proposto polo licitador para dar resposta aos requisitos detallados no apartado dedicado á "XESTIÓN DE INCIDENCIAS" do PPT.

A empresa licitadora deberá incluír na súa oferta un protocolo de actuación para a resolución de incidencias con prioridade crítica detallando os mecanismos e recursos necesarios para garantir o seu funcionamento.

3.2 Plan de traballo

Deberase incluír o plan de traballo detallado para desenvolver as tarefas incluídas no alcance, proposto polo licitador segundo os requirimentos expostos no apartado dedicado ao "PLAN DE TRABALLO" do PPT e que deberá incluír de maneira obrigatoria:



- Un cronograma claro onde figure a programación de todas e cada unha das actuacións relacionadas coa prestación dos servizos recollidos no alcance do proxecto de acordo aos requirimentos detallados nos apartados do PPT.
- Descrición de tarefas, fases, tempos estimados e perfís asociados.

3.3 Plan de calidade

Deberase incluír o plan de calidade a levar a cabo para cumprir cos requirimentos expostos no apartado dedicado ao “PLAN DE CALIDADE” do PPT.

3.4 Seguimento e informes

Deberase especificar baixo este punto a metodoloxía de seguimento do proxecto así como o modelo de informes propostos polo licitador para dar resposta aos requisitos detallados no apartado “SEGUIMENTO E INFORMES” do PPT.

4. Información adicional (Anexos):

Calquera outra documentación que o licitador desexe achegar e considere relevante de acordo co obxecto e alcance do presente PPT. A información adicional achegada polo licitador neste punto, así como os anexos que se inclúan á oferta, non computarán a efectos do cálculo total de páxinas permitido para a oferta técnica.

14. PROTECCIÓN DE DATOS:

A empresa adxudicataria queda expresamente obrigada a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que puidera coñecer con ocasión do cumprimento do contrato, especialmente os de carácter persoal, que non poderá copiar nin utilizar con unha finalidade distinta á que figura neste documento, nin tampouco ceder a outros nin sequer para efectos de conservación.

Este deber subsistirá, anque se extinga o contrato, ata que a información chegue a ser de dominio público ou que, por outras causas, perda a súa consideración de confidencialidade sen que medie incumprimento do deber de confidencialidade por calquera das partes contratantes.

Ademais, o adxudicatario quedará obrigado ao cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal en todo o que sexa de aplicación a este proxecto, conforme ao establecido nas leis e decretos de aplicación, especialmente en:

- Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía de dereitos dixitais.
- O Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD) (Regulamento de la UE 2016/679).
- As disposicións de desenvolvemento das normas anteriores en materia de protección de datos que se encontren en vigor no momento de adxudicación deste contrato, o que poidan estalo durante a súa vixencia.

A empresa adxudicataria se compromete a que ditos datos non se aplicarán nin utilizarán con fins distintos aos que figuran nesta contratación, nin os comunicará, nin sequer para a súa conservación a outras persoas



ou entidades. En caso de incumprimento do estipulado, a empresa contratante e os técnicos que formen parte do equipo de traballo serán responsables das infraccións que se deriven do mesmo.

A empresa adxudicataria deberá coñecer a lexislación vixente que afecte á realización de todos os traballos e se compromete a cumprir e a facer cumprir toda lei que aplique a calquera aspecto do desenvolvemento do seu traballo.

A empresa adxudicataria está obrigada a gardar segredo e a que o seu persoal encargado da execución do contrato tamén o garde, respecto a toda a información que, con motivo do desenvolvemento dos traballos, chegue ao seu coñecemento, e que non poderá utilizar para si ou para outra persoa ou entidade.

Considerando. - O establecido no artigo 73 do Real decreto 1098/20001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), e en cumprimento dos principios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá determinarse con precisión a necesidade que pretende cubrirse, así coma a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacelas.

Considerando. - Que por Resolución da Presidencia de data 06 de maio de 2024 (RP2024003709), delegáronse o inicio dos expedientes de contratación para obras, servizos e subministracións nas súas respectivas áreas

Dispoño,

Primeiro.-Iniciar ou expediente para a contratación do servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento dos Centros de Proceso de Datos (CPDP e CPDR) da Deputación de Pontevedra, por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas.

Segundo.- Remitir ao servizo de contratación a seguinte documentación para que se prepare o pertinente expediente e elévese ao órgano de contratación para a súa aprobación.

Asinado electrónicamente ao marxe.

